21NOTICIAS
Información y actualidad de Galicia, España e Internacional

# Roteiro Sempre en Galiza. Sempre con Castelao, con Pilar García Negro

Jorge García Publicado 26/06/2025

https://21noticias.com/2025/06/26/roteiro-siempre-en-galicia-sempre-con-castelao-con-pilar-garcia-negro/




***Unha iniciativa da AELG desenvolvida co apoio do Concello da Coruña***.

Esta iniciativa da AELG pretende dar a coñecer as cidades e vilas do país da man das nosas escritoras e escritores, que exercen de guías tomando como base obras propias ou alleas vinculadas a eses espazos. Deste xeito, posibilítase que a cidadanía goce persoalmente dos espazos físicos na súa relación coa memoria literaria.

O roteiro literario Sempre en Galiza. Sempre con Castelao, guiado por **Pilar García Negro**, xirará arredor dos seguintes eixos:

– Tempo vital e histórico de Castelao.

– Artista, escritor, político nacionalista, patriota galego.

Exilio e obra derradeira. *Sempre en Galiza*.

Terá lugar o **sábado 28 de xuño, a partir das 12:00 horas**, na cidade da Coruña. O punto de saída é: Xardíns dos Cantóns, diante do **busto dedicado a Castelao**. Non é necesaria inscrición previa.